

Ruta circular marcada de esculturas de seres fabulosos da tradición oral galega. Desde o seu punto máis alto abárcase unha vasta vista do horizonte coa mellor panorámica da cidade e dos montes e vales que a rodean.

Pódese acceder desde a Cidade da Cultura ou polos camiños do lugar do Viso e da parroquia de Aríns. Para acceder desde a **Cidade da Cultura** non hai senda especificamente peonil, polo que se recomenda o coche.

A ruta comeza ao lado do aparcamento, onde hai tamén unha área recreativa, e pódese facer en calquera sentido. É doado orientarse e está sinalizada.

A nosa proposta é percorrela tomando a pista asfaltada en dirección norte e, a uns 300 m, xirar á dereita, para iniciar o ascenso por unha senda forestal. A senda é fácil de seguir e está sinalizada con postes da ruta "Xiro dos Montes: Monte Gaiás – Monte Viso" e outros propios da **Senda Mitolóxica**.

A primeira figura que nos atopamos é a **Lamia**, e desde aí, continuamos ascendendo. Ao chegar ao cruzamento, seguimos a indicación do camiño cara á seguinte escultura, a **Coca**. A continuación, dirixímonos seguindo as indicacións cara ao miradoiro, ascendendo de novo pola pista e, uns metros máis arriba, o camiño achéganos ao **Nubeiro**. Para continuar, recoméndase regresar ao sendeiro e continuar subindo bordeando o monte, o que permite divisar o territorio rural que rodea a cidade de Compostela.

Ao chegar á parte máis oriental, hai indicacións para subir por unha pista empedrada que dá acceso ao **Miradoiro do Monte Viso** e a outra figura mitolóxica, **Breogán**. Nesa zona, ademais, hai estratéxicos bancos de madeira para gozar das vistas.

De volta á senda, de fronte atopamos as figuras dos **Mouros**, para despois dirixímonos a un cruzamento que indica á dereita o acceso ás da **Meiga**, o **Urco**, o **Tardo**, a **Moura**, o **Gatipetro** e os **Biosbardos**. O camiño que segue de fronte en dirección descendente chega de novo á zona de inicio, onde se atopa a área recreativa e finaliza a senda, pero se queremos percorrer todas as figuras mitolóxicas, teremos que seguir esa senda da dereita, que ten unha extensión de 700 m (só ida).



## sendas próximas

- 05. Río Sar > Muíño de Parceiros
- 06. Río Sar > Bosque do Banquete de Conxo
- 07. Bosque de Galicia > Cidade da Cultura > Parque do Lago
- Xiro dos Montes "Monte Gaiás – Monte Viso"



## ten en conta



> Roupa e calzado apropiados para camiñar e adaptados á meteoroloxía e condicións do sendeiro.



> As sendas fluviais adoitan ser moi húmidas, e máis tras días de choiva, en que poden aparecer zonas encharcadas ou esvaradias.



> Mantén limpa a contorna e respecta a biodiversidade.  
> Axúdanos a mellorar. Agradecemos os teus comentarios, suxestións ou avisos sobre o estado da senda en [sendas@santiagoturismo.com](mailto:sendas@santiagoturismo.com)



co apoio de  
**Deputación DA CORUÑA**



SAN

08

santiago  
natural


# sendas

de Santiago de Compostela

## Monte Viso [Senda Mitolóxica]



distancia:  
**2,6 km - 3,3 km**  
duración 1 h - 1.30 h  
dificultade baixa



RUTA VIRTUAL



ruta circular



ruta sinalizada



público familiar



ruta BTT





sen coches





\*Fotos: Turismo de Santiago



-  Bosque / Zona verde
-  Miradoiro
-  Parque / Área recreativa / Zona infantil
-  Zona de Restauración
-  Ponte
-  Parada de autobús
-  Punto de interese
-  Aparcamiento